



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMISIONS E EXCLUSIONES DO PROCESO SELECTIVO DE FUNCIONARIO/A, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE OFICIAL DO SERVIZO DE AUGAS MUNICIPAL (OEP 2022).

Unha vez publicada a lista provisional de admisións no proceso selectivo para cubrir unha praza de Oficial do Servizo de Augas municipal, mediante concurso-oposición, quenda libre, de acordo coas bases aprobadas e publicadas no BOP do 7 de novembro de 2022, procede seguir cos trámites establecidos en ditas bases e polo tanto:

PRIMEIRO.- Apróbase a seguinte lista definitiva de admisións:

APELIDOS E NOME	DNI
ANTONIO OTERO QUIROGA	***9811**
DAVID MARTINEZ ANLLO	***5397**
OSCAR DOCE VEGA	***3757**
HUGO DOMINGUEZ BARBEITO	***4863**
DANIEL PEREZ MATO	***3558**
JUAN CARLOS VALEA PEREZ	***9743**
CARLOS ALVAREZ FREIRE	***9988**
ANTONIO IRIMIA LÓPEZ	***8138**
JUAN JOSÉ SOUTO ACEBEDO	***4948**
ROMINA CARBAJALES PERNAS	***8118**

SEGUNDO.- Acordanse as seguintes exclusións definitivas por non acreditar estar en posesión dalgunha das titulacións que dan acceso a este proceso de selección:

APELIDOS E NOME	DNI
OSCAR GARZÓN MARTÍN	***9367**
JOAQUIN DORADO DOCOBO	***9713**

TERCEIRO.- Designar os compoñentes do tribunal de selección que formarán parte das probas da citada praza:

TITULARES:

-**Presidente:** Jose Manuel Facal Fariña. Enxeñeiro de Camiños do Concello de Carballo.

-**Vogais:**

- Lorena Castrillón Manso. Enxeñeira de obras públicas do Concello de Carballo.

- Victor Manuel Paz Cortiñas. Catedrático Organización e Proxectos de sistemas enerxéticos.

- Marta Geada Arca. Arquitecta do Concello de Barreiros.

-**Secretaria:** Begoña Teijeiro Campo, Secretaria-Interventora do Concello de Barreiros.

SUPLENTES:

-**Presidente:** Gustavo Amor González. Enxeñeiro Técnico Forestal do Concello de Barreiros..

-**Vogais:**

- Julia Vega Cartoy. Traballadora Social do Concello de Barreiros.

- Manuel Pérez Pérez. Técnico informático do Concello de Barreiros.

- Encarnación López Morado. Traballadora Social do Concello de Barreiros.

-**Secretaria:** Rosa María Sánchez Villalba, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Barreiros.

CUARTO: Convocar ao Tribunal para a súa constitución e **valoración de méritos o día 29 de novembro ás 10:00 horas** nas oficinas do Concello de Barreiros.

QUINTO: Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do **EXERCICIO TEÓRICO da fase de oposición o mesmo día 29 de novembro ás 12:00 horas nas oficinas do Concello de Barreiros.** Deberán acudir co DNI para identificarse antes do inicio da proba.

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa. Non obstante, en tanto determine a imposibilidade de continuar no procedemento, poderá interpoñerse recurso de reposición perante a alcaldía, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente publicación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente publicación.

Barreiros, 6 de novembro de 2023.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 3442

BEGONTE

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: 1 ANIMADOR SOCIOCULTURAL-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023 (Financiado pola Deputación Provincial de Lugo).

Por Resolución desta Alcaldía de data 7 de novembro de 2023, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal, polo prazo de seis (6) meses e xornada completa mediante oposición, de 1 posto de Animador sociocultural para a coordinación das actividades socioculturales e aquelas outras que garden relación, no municipio.

As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 7 de novembro 2023.- O Alcalde-Presidente, Jose Ulla Rochas.

R. 3465

CASTRO DE REI

Anuncio

Exposición ao público de expediente de aprobación da Conta Xeral do Concello de Castro de Rei correspondente ao exercicio 2022.

Formulada e rendida a Conta Xeral do concello de Castro de Rei correspondente ao exercicio 2022 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 3 de novembro de 2023; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Castro de Rei, 6 de novembro de 2023.- Alcalde-presidente Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3443

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación DA MODIFICACIÓN DO prezo público DOS TALLERES CULTURAIS. CURSO DE CERAMICA.

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2023 acordou a modificación o do prezo público Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público por talleres culturais e outros ensinos, en relación ao curso de cerámica, que está aprobado en acordo de Xunta de goberno local de 20/09/2011, segundo o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, pasando a ser o prezo público de 23 euros/ mes.

Guitiriz, 1 de novembro de 2023.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3444

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2023

Aprobada inicialmente a modificación do cadro de persoal do Orzamento Xeral para o ano 2023 en sesión plenaria do 28/09/2023 e publicada no Bop de Lugo de data 13/10/2023, e non habendo alegacións á mesma, considérase definitivamente aprobado.

Polo tanto, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e disposicións concordantes, procédese á publicación do cadro de persoal definitivo do Orzamento Xeral para o ano 2023.

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE GUITIRIZ. ANO 2023

I) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO					
1.1 ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Secretaría	Secretaría (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
Intervención	Intervención-Tesourería (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
1.2 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Técnico Medio Xestión Económica	Xestión	A2	22	1	0
Técnico/a de Emprego	Técnica	A1/A2	24	1	1
Administrativo/a	Administrativa	C1	18	6	3
Conserxe colegio e instalacións municipais	Subalterno	AP s Tit	14	1	1
Conserxe instalacións municipais	Subalterno	AP s Tit	14	1	0
Auxiliar Administrativo/a	Auxiliar	C2	16	1	0
1.3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES

Policía	Servizos Especiais	C1	16	2	1
Arquitecta técnica municipal	Técnica	A2	24	1	0
Técnico Medio Ambiente	Técnica	A1	24	1	0
Encargado de Obras	Servizos Especiais	C2	14	1	1

II) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Traballadora Social	1	0
Conserxe-condutor	1	0
Limpiadoras	4	2
Peón servicios	2	0
Técnica Medio Encargada PAI	1	0
Monitor Deportes- Encargado	1	0
Brigada Verde - Peón Coordinador	1	0
Brigada Verde - Peón	8	3
Auxiliar Axuda no Fogar	28	6
Peón de SSMM	4	1
Traballador/a Social SAF	2	1
Auxiliar xeriatría CD	2	0
Cociñeiro/a	1	0
Técnico/a Turismo	1	1
Tecnico/a Medio PAI	2	0
Terapeuta ocupacional CD	1	0

III) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Técnico/a educación familiar	1	0

Guitiriz, 6 de novembro de 2023.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3445

LOUREZÁ

Anuncio

Aprobados por Resolución de Alcaldía de fecha 17/10/2023 los Padrones del ejercicio de 2023 que se relacionan a continuación, se exponen al público en la Secretaría del Ayuntamiento por plazo de quince días a efectos de examen y reclamaciones, quedando elevada a definitiva dicha aprobación en el caso de que no se presentaran reclamaciones.

- Padrón de la Tasa por Entradas de Vehículos a través de las aceras y las reservas de vía pública para aparcamiento, carga y descarga de mercancías de cualquier clase.
- Padrón de la Tasa para el aproveitamento de vías y terrenos de uso público mediante la ocupación con terrazas con fines lucrativos por parte de los establecimientoshosteleiros.
- Padrón de la Tasa por utilización o aprovechamiento especial del dominio público local con cajeros automáticos.

Lourenzá, 17 de octubre de 2023.- LA ALCALDESA, Rocío López García.

R. 3446

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO OUTUBRO DE 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data **2 NOVIEMBRE DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **OUTUBRO DE 2023** por importe de **941.78 EUROS (NOVECIENTOS CUARENTA E UN CON SETENTA E OITO EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 2 DE NOVIEMBRE DE 2023.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R.3447

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 600/2023, de data 2 de novembro de 2023, se prestou aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2023, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 3 de novembro de 2023 ao 3 de xaneiro de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 2 de novembro de 2023.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3448

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 27 de 2023, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **02 de outubro de 2023** polo importe de **cento catorce mil trescentos sesenta e oito euros con corenta e seis céntimos (114.368,46)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

Cap. 1	Gastos de Persoal	2.086.379,66
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	1.404.937,10
Cap. 3	Gastos Financeiros	13.769,23
Cap. 4	Transferencias Correntes	114.458,06
Cap. 6	Inversións Reais	929.605,35
Cap. 7	Transferencias de Capital	595,91
Cap. 9	Pasivos Financeiros	37.143,20

SUMA TOTAL4.586.888,51 euros

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 6 de novembro de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 3460

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Anuncio

Formada a conta xeral do exercicio 2022 do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos Concellos de Cervo e Burela cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Executiva en sesión celebrada o 30 de outubro de 2023, expónse ao público, xunto cos documentos que a xustifican, na Intervención do Concello de Cervo dado que a sede do Consorcio se atopa na Praza do Concello s/n de Cervo, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo, os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Cervo, 6 de novembro de 2023.- A presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3449

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Consello Reitor do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga en alta aos Concellos de Cervo e Burela en sesión de data 30 de outubro de 2023 a transferencia de crédito nº2/2023 entre diferentes áreas de gasto, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello de Cervo, sede do Consorcio, por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Presidente do Consorcio.

Cervo, 6 de novembro de 2023.- A Presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 3450